

## ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA E. PRIMARIA

BLOQUE: IMAXE E PERCEPCIÓN CORPORAL  
UNIDADE: **PERCEPCIÓN TEMPORAL**  
TEMPORALIZACIÓN: **2-3 semana novembro**  
MATERIAL E INSTALACIÓNS: Pista polideportiva, aros.  
ORGANIZACIÓN ALUMNOS: Individual, grupos, grupo clase.

CICLO: **Segundo**

NIVEL: 3º - 4º

OBXECTIVOS:

1. Seguir ritmos sinxelos.
2. Axusta-la velocidade á dos compañeiros.

TÉCNICAS ENSINO: Semidefinidas: Busca.

### ANIMACIÓN:

- **“ O COCHE FANTÁSTICO “:** Por parellas, cada unha cun aro. Un da parella introdúcese no aro e colléndoo coas mans, conduce o seu propio coche libremente polo espacio. O compañeiro cóllese suavemente e sigue o coche. Ó sinal, cambio de rol. VARIANTE: Ó sinal agruparse de catro, de oito, etc...

### PARTE PRINCIPAL:

1. Correr libremente polo ximnasio e ó sinal agruparse no aro de dous en dous, tres en tres,... Os que perden deben imitar un animal.
2. Dous agachan cun aro e os demais esacapan. Os que son agachados pasar a agachar collendo o aro.
3. Saltar co aro coma se fose unha corda, introducíndose dentro del.
4. **“ O AVE “:** Grupo clase, un diante fai de máquina, os demais agarrados polo aro, desprázanse á velocidade da máquina.
5. En grupos de 6/8, collidos da man en fila, pasar un aro desde o primeiro ó último meténdose por dentro del e sen soltar as mans.
6. En grupos de 4/6 collidos polos ombros intentar subir un aro desde o chan ata a cabeza sen axudarse coas mans.

**CONTROL REMOTO:** Por parellas, un en cada extremo do campo. Un membro da parella cos ollos tapados ten que chegar ata o seu compañeiro, que está no outro extremo dentro dun aro, escoitando a súa chamada. Todos chaman o mesmo tempo.

**RELEVOS** con aros. TRES equipos en fila, cada membro cun balón, en fronte da fila hai tantos aros como balóns. Trátase de levar os balóns ós aros na primeira volta e na segunda hai que ir a buscalos, sempre de un en un.

### VOLTA Á CALMA:

- XOGO do BALÓN TIRO